



CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



Financiada por
la Unión Europea
Resiliencia y Recuperación



PLAN DIXITAL

Estratexia Galicia Dixital 2030

CPR Plurilingüe Losada

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice de contidos

1. Introducción.....	3
1.1. Datos básicos do centro.....	3
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	3
1.2.1. Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro	3
1.2.2. Incardinación e contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo	4
1.2.3. Contribución do Plan Dixital á Programación Xeral Anual do curso 22/23	4
1.3. Breve xustificación do mesmo	5
1.3.1. Normativa estatal	5
1.3.2. Normativa autonómica.....	6
1.4. Proceso de elaboración.....	6
2. Situación de partida.....	7
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.....	7
2.1.1. Descrición xeral da infraestrutura dixital do centro.	7
2.1.2. Equipamento dispoñible e identificación dos usos.	7
2.1.3. Servizos dixitais educativos.	8
2.1.4. Xestión do mantemento do equipamento do centro.....	10
2.1.5. Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC.....	10
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO	10
2.2.1. Autoavaliación SELFIE	10
2.2.2. Test CDD.....	16
2.2.3. Outras fontes	16
2.3. Análise DAFO.....	17
3. Plan de Acción	22
3.1. Obxectivos, indicadores e accións	22
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.....	35
4. Avaliación do plan	35
5. Difusión do plan.....	35

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CPR Plurilingüe Losada

Baixada ao Capitán 31-37, 36214, Vigo (Pontevedra)

Teléfono: 986 26 64 27

Correo electrónico: cpr.losada@edu.xunta.es

Páxina web: <https://www.colegiolosada.es/>

ETAPAS EDUCATIVAS: Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obligatoria.

Número de alumnos: 329

Número de profesores: 31

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

1.2.1. Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro

O CPR Plurilingüe Losada está ubicado no Barrio de Lavadores, que pertence ó Concello de Vigo, na rúa Baixada ó Capitán nº 31.

É unha zona urbana onde conviven as casas unifamiliares con novas edificacións e algunhas pequenas naves industriais. Históricamente é un barrio onde residen traballadores de distintas industrias, pequenos comerciantes, empregados do sector servicios...etc. con pequenas zonas de actividade rural de autoabastecemento. O barrio de Lavadores que, hai 20 anos era o extrarradio de Vigo, a causa do crecemento da cidade atópase na actualidade inmerso na vida da propia cidade.

Nivel socioeconómico

O nivel socioeconómico medio do entorno é medio ou medio-baixo.

Entorno socioeconómico

As familias do Colexio Losada son, en xeral, familias de traballadores de sectores manuais, do sector servizos, comercio, pequenos empresarios, parados, etc. A maior parte delas pertencen a un nivel socioeconómico medio ou medio-baixo

En xeral, o nivel cultural é medio, as familias preocupanse da evolución dos seus fillos e fillas acuden con regularidade as citas do tutor e do equipo psicopedagóxico. Non todos os fogares dispoñen de recursos tecnolóxicos (ordenador, internet...)

A maior parte do alumnado pertence a familias compostas de pai-nai e irmáns, en moitas familias o apoio do entorno familiar é moi frecuente, avós, tíos, etc. Incluso as vivendas, en moitos casos, son fogares nos que na mesma construción conviven máis dunha unidade familiar. Tamén no Centro hai nenos e nenas con pais separados e que viven principalmente coa nai. E outras situacións nas que os nenos e nenas están a cargo doutros familiares que son os que manteñen contacto co centro.

O entorno social é de barrio, o que implica unha forte socialización dos rapaces e rapazas que conviven moito con outros en espazos urbáns. Estes son fonte de relacións, de xogo e de normalización nos comportamentos.

A zona na que está o Colexio dispón de numerosos servizos públicos. Entre elas sinalamos as seguintes: centro de saúde, transporte público, pabillón de deportes, asociacións culturais, piscina pública, institutos de secundaria e bacharelato e centros de formación profesional.

1.2.2. Incardinación e contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo

Os centros educativos formamos parte dun mundo en constante cambio e dunha sociedade cada vez máis dixitalizada e por ese motivo, os centros educativos temos que responder a esas necesidades e demandas para poder formar cidadáns do futuro coas competencias necesarias para desenvolverse nun entorno dixitalizado.

A contribución do Plan Dixital ao PEC e ao PXA debemos velo dende a perspectiva de cómo este plan reforza o uso adecuado das novas tecnoloxías en toda a comunidade educativa. A competencia dixital (CD) é unha das competencias clave nas que é necesario traballar co alumnado en tódalas etapas e tódalas materias e persegue o desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital e a integración das TICs como ferramenta didáctica nos procesos de ensinanza-aprendizaxe.

O PD concíbese como un documento vivo que contén os acordos alcanzados no centro con respecto aos obxectivos xerais do plan, as estratexias de dinamización e xestión dos recursos tecnolóxicos e a inclusión das TICs nas diferentes concrecións curriculares.

Aínda que o PD ten como protagonista principal a CD, tamén xogan un papel fundamental a competencia para aprender a aprender (CAA), a competencia en comunicación lingüística (CCL) e a competencia social e cidadá (CSC), posto que a natureza complexa e globalizadora da CD implica que se desenrolen tamén estas competencias básicas.

Mediante o Plan Dixital de Centro, pretendemos:

- *Evaluar a situación do centro educativo con relación ao uso das TIC nos distintos elementos clave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para poder deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.*
- *Recoñecer o Plan Dixital de Centro como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital da organización educativa.*
- *Transformar o centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible se é unha organización dixitalmente competente.*
- *Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura dixital nas mesmas.*

1.2.3. Contribución do Plan Dixital á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

Un dos documentos máis importantes nun centro educativo é a Programación Xeral Anual que concreta, anualmente, os aspectos que aparecen recollidos tamén no PE. Ten un marcado carácter predictivo que permite anticipar o que se quere facer durante o curso escolar. O Plan Xeral Anual é sen dúbida, un dos eslabóns organizativos e educativos máis importantes do centro, xa que recolle tódolos aspectos fundamentais e necesarios para levar a cabo o labor educativo durante o ano académico.

O PD ocupa un lugar destacado na PXA no apartado de obxectivos prioritarios do centro para o presente curso escolar, buscando fomentar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa e das tecnoloxías dixitais.

O pasado curso académico dotouse a tódolos alumnos e alumnas de 5ºEP, 6ºEP, 1ºESO, 2ºESO, 3ºESO e 4ºESO, dunha conta de Google con dominio do centro que lles permiten desenvolver as competencias dixitais. Os obxectivos principais do PD son:

1. Centrarse no alumnado e a súa formación integral.
2. Promover o desenrolo das competencias básicas, poñendo a CD como transversal ás 7 restantes.
3. Profundizar no coñecemento e uso das TIC aplicadas á educación.
4. Promover a transformación da metodoloxía e dos procesos ensinanza-aprendizaxe.
5. Garantizar a equidade e igualdade de oportunidades.
6. Xeración de contidos dixitais.
7. Alfabetización dixital e audiovisual.
8. Uso ético das TIC.

O PD axuda a transformar o modelo de centro, pasando dun modelo centrado na ensinanza a outro baseado no aprendizaxe.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Partamos do preámbulo da **Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa:**

“El alumnado es el centro y la razón de ser de la educación. El aprendizaje en la escuela debe ir dirigido a formar personas autónomas, críticas, con pensamiento propio. Todos los alumnos y alumnas tienen un sueño, todas las personas jóvenes tienen talento. Nuestras personas y sus talentos son lo más valioso que tenemos como país.

Por ello, todos y cada uno de los alumnos y alumnas serán objeto de una atención, en la búsqueda de desarrollo del talento, que convierta la educación en el principal instrumento de movilidad social, ayude a superar barreras económicas y sociales y genere aspiraciones y ambiciones realizables para todos. Para todos ellos esta Ley Orgánica establece los necesarios mecanismos de permeabilidad y retorno entre las diferentes trayectorias y vías que en ella se articulan.

*Las habilidades cognitivas, siendo imprescindibles, no son suficientes; **es necesario adquirir desde edades tempranas competencias transversales**, como el pensamiento crítico, la gestión de la diversidad, la creatividad o la capacidad de comunicar, y actitudes clave como la confianza individual, el entusiasmo, la constancia y la aceptación del cambio. La educación inicial es cada vez más determinante por cuanto hoy en día el proceso de aprendizaje no se termina en el sistema educativo, sino que se proyecta a lo largo de toda la vida de la persona. Necesitamos propiciar las condiciones que permitan el oportuno cambio metodológico, de forma que el alumnado sea un elemento activo en el proceso de aprendizaje. Los alumnos y alumnas actuales han cambiado radicalmente en relación con los de hace una generación. **La globalización y el impacto de las nuevas tecnologías hacen que sea distinta su manera de aprender, de comunicarse, de concentrar su atención o de abordar una tarea.***

Indícase a continuación a contextualización normativa do PD do noso centro:

1.3.1. Normativa estatal

- **Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa**, Apartado XI do Preámbulo, Art. 111 bis.
- **Ley Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais**, Art. 83, Art. 97, Disposición adicional viseximoprimeira.

- *Ley Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, Art 17, Art 23, Art 102, Art. 111 bis, Art.121, Art 132, Art 157.*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.*

1.3.2. 1.3.2 Normativa autonómica

Na Comunidade Autónoma de Galicia, derivados da Ley Orgánica 3/2006 do 3 de maio de publícanse o Decreto 130/2007 de 28 de junio por el que se establece o currículo da Educación Primaria e o Decreto 133/2007, de 5 de xullo que regula as ensinanzas da Educación Secundaria Obligatoria. Neles márcase o carácter prescriptivo da elaboración do Plan de Introducción das TIC para a Educación Primaria e o Plan de Integración das TIC para a Secundaria Obligatoria, detallando os obxectivos e características que debe ter dito Plan TIC.

- *Decreto 130/2007 de 28 de junio por el que se establece o currículo da Educación Primaria, Anexo V: Plan de introducción das tecnoloxías da información e a comunicación.*
- *Decreto 133/2007, de 5 de xullo que regula as ensinanzas da Educación Secundaria Obligatoria, Anexo VI: Plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación.*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

1.4. Proceso de elaboración

No Plan Dixital de centro haberá que definir as actuacións necesarias, nos seguintes ámbitos:

- *Liderazgo*
- *infraestructuras e dotacións tecnolóxicas*
- *Aprendizaxe e ensinanza*
- *Competencia dixital docente*
- *Uso seguro das TIC e protección de datos*
- *Difusión do plan dixital de centro*
- *Avaliación do plan.*

Para a elaboración e coordinación do Plan TIC distinguimos tres fases:

- **1ª Fase:** *Análise. Completando e detectando as necesidades, debilidades e problemas que necesitan accións concretas no centro. Fase en constante evolución.*

- **2ª Fase:** Desenrolo. Posta en práctica das diferentes accións susceptibles de ser realizadas.
- **3ª Fase:** Avaliación. Como base para unha mellora continua, recopilaráanse os resultados, e a avaliación das accións e procesos que se levaron a cabo mediante a ferramenta SELFIE. Presentarásese os resultado no claustro do 28 de xuño de 2022.

Unha vez aprobado farásese público o Plan TIC na web do centro, na plataforma dixital NEO20 e nunha carpeta compartida con permisos de lectura no Google Drive do centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CPR Plurilingüe Losada dispón nos seus dous edificios de diversos recursos dixitais a disposición dos membros do equipo directivo, do profesorado e do alumnado.

2.1.1. Descrición xeral da infraestrutura dixital do centro.

O edificio principal conta cun acceso de **Fibra Óptica Fast Ethernet** a partir do cal proporcionáanse os servizos de **voz IP e datos**. Para a conectividade do edificio de Educación Infantil emprégase un acceso vía **Radioenlace**.

Para a conectividade dos **PC's portátiles do aula** emprégase cable Ethernet posto que garante unha maior estabilidade na conectividade, aínda que tamén teñen habilitado o módulo WiFi no caso de ser necesario mover o equipo do sitio ou en caso de incidencia técnica no cableado.

Para a conectividade dos **PC's de sobremesa do aula de informática** emprégase cable Ethernet. Para os **PC's portátiles** pódese empregar cable Ethernet ou WiFi indistintamente, escollendo o que garante no momento un maior ancho de banda.

O centro dispón de **tres redes WiFi**. O criterio de conectividade a cada unha das redes depende da ubicación do dispositivo a conectar, a excepción dos dispositivos do alumnado os cales deben conectarse sempre a rede WiFi destinada para eles.

2.1.2. Equipamento dispoñible e identificación dos usos.

EQUIPAMENTO HARDWARE						
AULA	PC sobremesa	PC portátil	Proyector	Televisor	Pizarra dixital	Impresora
4º EI						
5º EI						
6º EI						
Multidisciplinar						
Secretaría	1	-	-	-	-	-
Salón de Actos	-	-	1	-	-	-
Comedor	-	-	-	-	-	1
Música	-	-	-	-	-	-
1º EP	-	1	1	1	1	-
2º EP	-	1	1	1	1	-
3º EP	-	1	1	-	1	-
4º EP	-	1	1	-	1	-
5º EP	-	1	1	-	1	-


6º EP	-	1	1	-	1	-
1º ESO	-	1	-	1	-	-
2º ESO	-	1	-	1	-	-
Idiomas	-	1	1	-	1	-
TIC	13	4	-	1	-	1
Sala profesores	1	1	-	-	-	1
Biblioteca	-	-	-	-	-	-
3º ESO	-	1	-	1	-	-
4º ESO	-	1	-	1	-	-
Laboratorio	-	-	-	-	-	-
SOFTWARE						
<i>TIPO DISPOSITIVO</i>						
<i>PC sobremesa</i>	Microsoft Windows 10					
<i>PC portátil</i>	Microsoft Windows 10					
<i>Proxector</i>						
<i>Televisor</i>						
<i>Pizarra dixital</i>						

2.1.3. Servizos dixitais educativos.

O CPR Plurilingüe Losada dispón de servizos que facilitan a xestión académica e a comunicación bidireccional co alumnado e o profesorado.

- **Páxina web do centro (www.colegiolosada.es):** nela pódese atopar dende a información básica como o contacto do centro, ata a organización do mesmo e os proxectos levados a cabo. Tamén é a porta de acceso a plataforma do centro e as RR.SS.


- **Plataforma educativa do centro (NEO20):** medio de comunicación bidireccional do centro (profesorado, xefatura de estudos, secretaria) co alumnado e as familias. Emprégase fundamentalmente para a **publicación de calificacións** tanto para alumnado como familias e para **comunicados do centro**, tanto a nivel xeral (aula, ciclo, etc.) como particular. As familias empregan tamén a plataforma como canle de comunicación co profesorado.



- Google Classroom:** emprégase esta Plataforma educativa para a creación de clases en todas e cada unha das asignaturas impartidas no centro. Dentro de cada clase o alumnado atopará os apuntamentos das leccións, exercicios, contido dixital, material audiovisual, etc. Tamén poderá consultar as cualificacións dos exercicios, exames, e obter **feedback** das tarefas realizadas.

As familias reciben diaria ou semanalmente un informe no cal poden comprobar as datas de entrega de tarefas, exames e se o alumnado fixo esas entregas.

O alumnado e o profesorado dispoñen dunha conta de correo corporativo co seguinte dominio @colegiolosada.es.



- Abalar:** As familias deben descargar no seu dispositivo móbil a aplicación **Abalar Móbil** a través do cal notificaráanse as faltas de asistencia ou puntualidade, poderán consultar as cualificacións trimestrais, os horarios do centro, etc.

2.1.4. Xestión do mantemento do equipamento do centro.

O mantemento do equipamento do centro corre a cargo da *coordinadora TIC* do centro e dun *técnico informático*.

2.1.5. Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC.

Comentado [Tamara1]: PENDIENTE

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO


Autoavaliación SELFIE: Pode ser interesante incluír a información do *resumo das áreas* do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

2.2.1. Autoavaliación SELFIE


A-Liderado




B-Colaboración y Redes



C – Infraestructura e equipos



C12. Brecha digital: apoyo para abordar...



C16. Bibliotecas/repositorios en línea



C10. Dispositivos para el alumnado




C7. Protección de datos



C11. Brecha digital: medidas para identi...




C14. Espacios físicos




C5. Asistencia técnica







C15. Tecnologías asistenciales



D – Desarrollo profesional continuo




E – Pedagogía: apoios e recursos



F – Pedagogía: Implementación na aula



G – Prácticas de evaluación



G7. Evaluación digital



G10. Evaluación de las capacidades de...



G6. Comentarios a otros/as alumnos/as ...



H – Competencias Dixitais do alumnado


H3. Comportamiento responsable




H1. Comportamiento seguro




H7. Creación de contenidos digitales




H4. Verificar la calidad de la información




H8. Aprender a comunicarse



H10. Habilidades digitales para diferent...



H6. Otorgar reconocimiento al trabajo d...



H13. Resolver problemas técnicos



H11. Aprender a codificar o programar



Miembros del equipo directivo



4 de 4 miembros del equipo directivo contestaron a esta pregunta

Estoy completamente en desacuerdo / Según mi experiencia, esta afirmación es totalmente falsa 1

Estoy en desacuerdo 2

Estoy parcialmente de acuerdo 3

Estoy de acuerdo 4

Estoy muy de acuerdo / En mi experiencia, esta afirmación es totalmente cierta 5

2.2.2. Test CDD

Test CDD: Pódese incluír a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén pode interesar reflectir o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

Participación segundo perfil do profesorado

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% de participación
LS1 - Substituto	3	5	60%
L01 - Laboral	16	27	59,3%

Puntuación e nivel de competencia do centro

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
CENTRO	78,7	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	59,4	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
ESO	87,7	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
Pri.	81,4	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
Ed. Esp.	111,5	Experto/a (B2)	72,2	Integrador/a (B1)
ENR	76	Integrador/a (B1)	75,4	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a (A2)	5	26,3%
Integrador/a (B1)	11	57,9%
Experto/a (B2)	2	10,5%
TOTAL	18	94,7 %

2.2.3. Outras fontes

Comentado [Tamara2]: Pendiente

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, xenerouse unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

		FORTALEZAS Cales son as fortalezas do centro e como se poden potenciar? Atributos propios do centro de carácter positivo.	DEBILIDADES Cales son as debilidades e como se poden limitar ou eliminar? Aspectos, baixo control, que limitan a capacidade de acadar os obxectivos desexados.
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. Existencia de dispositivos dixitais (ordenadores e TV/pantallas dixitais) para o seu uso na ensinanza. (C2) 2. Conexión a Internet (Ethernet/WiFi) en todo o centro.(C3) 3. Existen dispositivos xestionados polo centro os cales poden empregar os alumnos para traballar. (C8)	1. Apoio técnico limitado. (C5) 2. WiFi inestable: zonas de sombra en determinadas aulas.(C3) 3. Poucos equipos portátiles (ordenadores/tabletas) que faciliten o traballo dentro da aula ordinaria, sen ter que empregar sempre a aula de informática. (C2) 4. Equipos informáticos da sala de profesores obsoletos.(C2) 5. Poucos equipos tecnolóxicos, que sendo de titularidade do centro educativo, sexan prestables para o alumnado co precise nunha situación de tele-formación. (C10)

<p>PERSOAL DOCENTE</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Uso de Gsuite, en especial Google Classroom, por parte de todo o persoal docente. (E5) 2. Colaboración entre profesores, dispoñibilidade para a axuda, apoio por parte da responsable TIC. 3. Emprego de plataforma educativa para unha comunicación fluída coas familias. (E4) 4. Actitude positiva do profesorado no uso das TIC. 5. O profesorado ten organizados, seguindo criterios didácticos e metodolóxicos, materiais e recursos educativos. (E1/E3/E8) 6. Traballan a identidade dixital e a prevención de conductas contrarias á convivencia. 7. Compartición de recursos de creación propia empregando plataformas dixitais (eTwinning) (B3) 8. Emprego de Google Classroom para realizar proxectos interdisciplinares (F6) <ol style="list-style-type: none"> 1. Emprego de plataforma educativa para unha comunicación fluída coas familias. (E4) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Non existe a cultura de compartir experiencias e recursos de creación propia entre o profesorado. (D3) 2. Nivel heteroxéneo na Competencia Dixital do Profesorado. 3. Necesidade de dispoñer de máis tempo para a formación TIC e a elaboración de materiais didácticos basados en TIC. (A4) 4. Reticencia á actualización de metodoloxías por parte dun pequeno sector do profesorado. 5. Non hai debate sobre as vantaxes/desvantaxes da ensinanza/aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. (D1/D3)
<p>PERSOAL NON DOCENTE</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Emprego de plataforma educativa para unha comunicación fluída coas familias. (E4) 	

<p>ALUMNADO</p>	<p>1. Motivación do alumnado á hora de traballar coas novas tecnoloxías.2. Acceso do alumnado a dispositivos fora do entorno escolar.3. Uso de Google Classroom, por parte do alumnado do 3º ciclo de EP e toda a ESO.(E3)4. Poden empregar os seus propios dispositivos para traballar no aula. (C13)5. Traballo cooperativo e innovador empregando Google Classroom (F3/F4/F5)6. Emprego de ferramentas dixitais para avaliar (G1)7. Feedback das actividades mediante Google Classroom (G3)8. Uso seguro e responsable de Internet dentro e fora do aula (H1/H3)</p>	<p>1. Poucos alumnos e alumnas poden aportar os seus propios dispositivos (portátiles/tabletas) seguindo o modelo BYOD.2. Capacidade para resolver os problemas técnicos que xorden co uso das tecnoloxías. (H13)3. No centro non aprenden a codificar/programar con soltura. (H11)</p>
<p>FAMILIAS</p>	<p>1. Emprego de plataforma educativa para unha comunicación fluída co persoal docente, persoal non docente e estado do alumnado (E4)</p>	<p>1.Desigualdade social na disposición de recursos e nas posibilidades económicas das familias. 2. Reticencia por parte dalgunhas familias a realización de tarefas online por non ser quen de controlar a inversión do tempo, do esforzo e se realizan un uso adecuado da conexión a Internet.</p>
<p>OFERTA</p>	<p>1. Traballar a identidade dixital e a prevención de conductas contrarias á convivencia.</p>	
<p>ORGANIZACIÓN DE CENTRO</p>	<p>1. Existencia dunha estratexia dixital de centro (A1)</p>	<p>1. Non existen repositorios online para compartir información.(C16)</p>

		OPORTUNIDADES Cales son as oportunidades que ofrece a contorna e o ambiente no que nos atopamos e cómo se poden aproveitar?	AMEAZAS Qué tipo de ameazas hai na contorna e cómo se poden evitar/eliminar se é posible?
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Oferta de cursos gratuitos (Fprofe) para mellorar a competencia dixital do profesorado, favorecendo deste xeito o seu labor profesional. 2. Iniciativa Plan Dixital 2030 onde teñen cabida tanto os centros públicos como os concertados. 3. As administracións educativas axudan a potenciar a innovación nos centros educativos dende o ámbito das TIC, posto que son o motor de cambio metodolóxico.	1. Falta de apoio económico das Administracións Públicas coa escola concertada para o desenrolo dixital dos centros. 2. Esixencia de dixitalización sen os medios necesarios. 3. Sensación de infoxicación por parte do profesorado. 4. Exceso de burocracia.
	LEXISLACIÓN	1. A LOMLOE promove a Competencia Dixital (CD) de forma transversal en tódalas áreas.	1. A LOMLOE elimina a materia de TIC de 4ºESO e as alternativas nos dous cursos pasan a ser optativas. 2. Cambios constantes no sistema educativo.

	ANPA	<p>1. Bo nivel de comunicación, colaboración e acollida dos proxectos propostos.</p>	<p>1. Dúbdas e reticencia ao o emprego de dispositivos electrónicos (móviles ou tablets) no aula para levar a cabo determinadas actividades.</p>
	CONTORNA	<p>1. "Competitividade constructiva" con outros centros que tamén poñen esforzos en mellorar as súas capacidades TIC.</p>	<p>1. Escasa relación cos centros educativos da zona (públicos e concertados), o que impide o intercambio de boas prácticas, a elaboración de proxectos comúns, intercambio de ideas, etc. 2. Situación económica complicada para moitas familias trala pandemia.</p>
	OUTRAS ENTIDADES	<p>1. O Concello mostra a súa interese polo centro debido a súa metodoloxía de traballo cooperativo e traballo por proxectos, forte presenza do STE(A)M e a súa presenza en programas de ámbito autonómico (SEMGAL), nacional (Rede Khelidón) e internacional (etwinning - Erasmus+).</p>	<p>1. Menos financiación por parte do Concello por ser unha escola concertada.</p>

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos marcados deben ser específicos e concretos. Deben ser medibles, alcanzables, realistas e definidos no tempo.

Os obxectivos que aquí se enumeran foron plantexados desde a coordinación TIC, Xefatura de Estudos e Dirección:

- ✓ *Impulsar dende o equipo directivo y coa coordinadora TIC un plan de impulso dixital no Centro.*
- ✓ *Proporcionar ferramentas TIC, espazos e tempos que permitan compartir as experiencias de éxito e boa "praxis" que axuden a traballar de xeito colaborativo.*
- ✓ *Analizar os recursos tecnolóxicos do Centro e diseñar estratexias para a súa optimización ou renovación.*
- ✓ *Promover a mellora da competencia dixital docente do profesorado.*
 - *Mellorar a práctica docente a través das TIC's.*
- ✓ *Implementación das tecnoloxías dixitais para adaptarse ás necesidades do alumnado, crear proxectos curriculares e fomentar a participación e o traballo colaborativo.*
- ✓ *Promover o emprego de tecnoloxías dixitais para a avaliación, autoavaliación e coavaliación.*
- ✓ *Empoderar ao alumnado no uso das TIC's a través do análise crítico, uso seguro e responsable das tecnoloxías, creación de contidos dixitais e comunicación empregando a tecnoloxía dixital*

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 1: (1)	A4 – Tempo para explorar como mellorar o ensino dixital				Acadado	
Responsable:	Coordinador do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	O profesorado emprega adecuadamente as ferramentas dixitais no proceso de ensinanza – aprendizaxe.					
Valor de partida: (3)	Un 30% do profesorado dispón de tempo para investigar e mellorar o ensino dixital. Un 51% do profesorado ten dificultades para atopar tempo e investigar.					
Valor previsto e data: (4)	Un 75% do profesorado dispón de tempo para a investigación e mellora do ensino dixital.			Xuño 2023 (remate do curso académico)		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Reunión inicial do claustro e o equipo directivo para a detección de necesidades no campo do ensino dixital.	Equipo directivo Coordinador TIC	Setembro 2022	Sala de reunión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Realización de enquisas ao profesorado para coñecer as súas dúbidas e inquedanzas sobre ferramentas que poidan mellorar o ensino dixital.	Coordinador TIC Claustro de profesores	Outubro 2022	Conta corporativa do centro. Formularios de Google. Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Realización de enquisas ao alumnado para coñecer a súa percepción sobre o aproveitamento das ferramentas dixitais empregadas polos docentes.	Coordinador TIC	Novembro 2022	Conta corporativa do centro. Formularios de Google. Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A01.4: Extracción de conclusións a partir dos resultados das enquisas.	Coordinador TIC	Decembro 2022	Conta corporativa do centro. Equipo informático. Software para tratamento de datos. Software para presentación de		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.5: Inscripción oficial nunha liña do PFPP	Equipo directivo Coordinador do PFPP	Outubro 2022	FProfe e formularios.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.6: Contacto co CFR para buscar formadores que se adecúen ás necesidades detectadas.	Equipo directivo Coordinador do PFPP	Marzo 2023	Directorio do CFR.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.7: Realización do PFPP e valoración final deste ao seu remate co fin de plantexar melloras para o vindeiro curso.	Claustro de profesores	Xuño 2023	Relatores do CFR. Formularios FProfe. Materiais consumibles. Dispositivos electrónicos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.8: Realización de novo de enquisas ao profesorado para coñecer as súas dúbidas e inqueanzas sobre ferramentas que poidan mellorar o ensino dixital.	Claustro de profesores	Xuño 2023	Conta corporativa do centro. Formularios de Google. Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 1: (1)	A4 – Tempo para explorar como mellorar o ensino dixital				Acadado	
Responsable:	Coordinador do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	O profesorado emprega adecuadamente as ferramentas dixitais no proceso de ensinanza – aprendizaxe.					
Valor de partida: (3)	Un 30% do profesorado dispón de tempo para investigar e mellorar o ensino dixital. Un 51% do profesorado ten dificultades para atopar tempo e investigar.					
Valor previsto e data: (4)	Un 75% do profesorado dispón de tempo para a investigación e mellora do ensino dixital.			Xuño 2023 (remate do curso académico)		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Reunión inicial do claustro e o equipo directivo para a detección de necesidades no campo do ensino dixital.	Equipo directivo Coordinador TIC	Setembro 2022	Sala de reunión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Realización de enquisas ao profesorado para coñecer as súas dúbidas e inquedanzas sobre ferramentas que poidan mellorar o ensino dixital.	Coordinador TIC Claustro de profesores	Outubro 2022	Conta corporativa do centro. Formularios de Google. Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Realización de enquisas ao alumnado para coñecer a súa percepción sobre o aproveitamento das ferramentas dixitais empregadas polos docentes.	Coordinador TIC	Novembro 2022	Conta corporativa do centro. Formularios de Google. Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Extracción de conclusións a partir dos resultados das enquisas.	Coordinador TIC	Decembro 2022	Conta corporativa do centro. Equipo informático. Software para tratamento de datos. Software para presentación de		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A01.5: Inscripción oficial nunha liña do PFPP	Equipo directivo Coordinador do PFPP	Outubro 2022	FProfe e formularios.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A01.6: Contacto co CFR para buscar formadores que se adecúen ás necesidades detectadas.	Equipo directivo Coordinador do PFPP	Marzo 2023	Directorio do CFR.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A01.7: Realización do PFPP e valoración final deste ao seu remate co fin de plantexar melloras para o vindeiro curso.	Claustro de profesores	Xuño 2023	Relatores do CFR. Formularios FProfe. Materiais consumibles. Dispositivos electrónicos.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A01.8: Realización de novo de enquisas ao profesorado para coñecer as súas dúbidas e inqueданzas sobre ferramentas que poidan mellorar o ensino dixital.	Claustro de profesores	Xuño 2023	Conta corporativa do centro. Formularios de Google. Equipos informáticos.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 3: (1)	B4 – Sinerxias para a aprendizaxe mixta.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo, coordinador TIC e claustro de profesores.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Realizar proxectos intercentro.					
Valor de partida: (3)	Un 50% do claustro de profesores pon de manifesto que non se realizan proxectos de colaboración con outros centros.					
Valor previsto e data: (4)	Un 90% dos profesores realizan sinerxias de aprendizaxe mixta.			20 Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Plantexar ao claustro de profesores a necesidade da posta en común de alomenos un proxecto por etapa (Infantil, Primaria, Secundaria) con outros centros.	Equipo directivo.	Outubro 2022.	Sala de reunións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Búsqueda de centros na con-torna ou internacionais (eTwinning).	Claustro de profesores.	Novembro 2022.	Conta corporativa do centro. Google Docs, Google Presentations, Google Drive, Google Calendar.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Elaboración e documentación das propostas de proxecto interdisciplinar por ciclo en formato SEMGAL.	Claustro de profesores.	20 Xuño 2023.	Conta corporativa do centro. Google Docs, Google Presentations, Google Drive, Google Calendar.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Posta en común, mediante un repositorio en Drive, cos outros centros dos proxectos elaborados mediante unha conta de "convidado", para facilitar o intercambio de ideas.	Equipo directivo. Claustro de profesores.	Decembro 2022 / Marzo 2023 / Xuño 2023.	Conta corporativa do centro. Google Docs, Google Presentations, Google Drive, Google Calendar.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:							
OBXECTIVO 4: (1)	C16 – Creación dun repositorio en liña					Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	O claustro de profesores faise consciente da necesidade dun repositorio en liña, para poder compartir as súas ideas e enriquecerse coas ideas doutros compañeiros e compañeiras.						
Valor de partida: (3)	O 70% do profesorado cre necesaria a existencia dun repositorio en liña por non existir un espazo no cal compartir os seus traballos.						
Valor previsto e data: (4)	Creación dun repositorio en liña.				20 Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A01.1: Creación na Google Suite do centro dunha carpeta destinada a ser repositorio de materiais	Coordinador TIC	8 setembro 2022	Perfil administrador Google Suite. Dispositivo electrónico.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.2: Organización da carpeta máster (creación de subcarpetas, etiquetado das mesmas, concesión de permisos, etc.)	Coordinador TIC	8 setembro 2022	Perfil administrador Google Suite. Dispositivo electrónico.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.3: Presentación ao claustro de profesores do repositorio: estrutura, funcionamento, etc.	Coordinador TIC Equipo directivo	14 setembro 2022	Dispositivo electrónico. Pantalla. Sala de reunións.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.4: Revisión da actualización do repositorio.	Coordinador TIC Equipo directivo	14 outubro 2022 11 novembro 2022 16 decembro 2022 20 xaneiro 2023 17 febreiro 2023	Perfil administrador Google Suite. Dispositivo electrónico.		Realizada		
					Aprazada		

		17 marzo 2023 14 abril 2023 19 maio 2023 14 xuño 2023			Pendente	
--	--	--	--	--	----------	--

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 5: (1)	C10 – Plan progresivo de actualización e mellora de equipos.				Acadado	
Responsable:	Dirección do centro. Coordinador TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Non existe dispoñibilidade para que cada alumno poda dispor dun ordenador para traballar no centro.					
Valor de partida: (3)	Na actualidade hay unha media dun ordenador para cada dous alumnos.					
Valor previsto e data: (4)	Un ordenador para cada alumno.			Xuño 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Reunión do claustro de profesores co coordinador TIC e a dirección do centro para expor e xustificar adecuadamente a necesidade de novos equipos para o alumnado e o profesorado (equipos da sala de profesores)	Dirección do centro	7 setembro 2022	Sala de reunións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Aprobación por parte do equipo directivo da compra de novos dispositivos.	Dirección do centro	3 outubro 2022	Sala de reunións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Estudio das características técnicas dos dispositivos electrónicos a mercar.	Coordinador TIC	26 outubro 2022	Ordenador. Conexión a Internet. Inventario dos dispositivos actuais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Adquisición dos equipos aprobados.	Dirección do centro	Xaneiro 2023 – Xuño 2024	Orzamento aprobado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 6: (1)	G6 – Emprego da avaliación entre iguais mediante rúbricas.				Acadado	
Responsable:	Claustro de profesores				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Inexistencia de modelos de rúbrica de avaliación entre iguais para os traballos realizados co modelo cooperativo ou modelo SEM.					
Valor de partida: (3)	Ningún modelo de rúbrica de coavaliación oficial existente.					
Valor previsto e data: (4)	Crear tres modelos de rúbricas de coavaliación para EP e ESO.			22 Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Explicación sobre cómo empregar a ferramenta de rúbricas de <i>Google Classroom</i> .	Claustro de profesores	14 setembro 2022	Conta corporativa do centro Ferramenta de rúbricas de <i>Google Classroom</i> .		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Decisión de asignaturas piloto para a construción das rúbricas de avaliación.	Claustro de profesores Dirección do centro.	21 setembro 2022	Sala de reunións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Elaboración de rúbricas modelo para traballos cooperativos nos diferentes niveis educativos.	Claustro de profesores	25 novembro 2022	Conta corporativa do centro Ferramenta de rúbricas de <i>Google Classroom</i> .		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 7 (1)	H11 – Aprender a programar en linguaxes de programación visuais.				Acadado	
Responsable:	Profesores STEM.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Na enquisa SELFIE detéctase que a maior parte do alumnado descoñece a existencia das linguaxes de programación e a súa importancia.					
Valor de partida: (3)	Tan só un 2% do alumnado coñece alguna linguaxe de programación e ten nocións básicas.					
Valor previsto e data: (4)	Lograr que alomenos un tercio do alumnado do último ciclo de EP e do primeiro ciclo da ESO programen aplicación sinxelas.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Formar ao profesorado STEM de Primaria e da ESO en linguaxes de programación orientados para os nenos e nenas (Scratch, Google Blockly, etc.)	Equipo directivo Coordinador TIC	20 decembro 2022	Fprofe, Intef		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Elaboración dos apuntes e manuais para o alumnado.	Profesores de STEM	3 febreiro 2023	Conta corporativa do centro. Ferramentas de ofimática. Apuntamentos dos cursos Manuais dixitais de consulta		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Creación de exercicios en orde crecente de dificultade para interiorizar e comprender os comandos.	Profesores de STEM	3 marzo 2023	Conta corporativa do centro. Ferramentas de ofimática. Apuntamentos dos cursos Manuais dixitais de consulta.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Creación dun mini proxecto que aglutine os coñecementos adquiridos.	Profesores de STEM	16 xuño 2023	Conta corporativa do centro. Ferramentas de ofimática. Apuntamentos dos cursos Manuais dixitais de consulta.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:							
OBXECTIVO 8: (1)	H13 – O alumnado debe aprender a resolver problemas técnicos sinxelos acaecidos co ordenador.					Acadado	
Responsable:	Profesores STEM.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Trala observación do comportamento do alumnado fronte a pequenas incidencias técnicas nas aulas e o estudo do resultado da enquisa SELFIE, compróbase a escaseza de coñecementos tecnolóxicos do alumnado.						
Valor de partida: (3)	Entre 5%-10% do alumnado son capaces de solucionar pequenas incidencias co HW e o SW.						
Valor previsto e data: (4)	Un 50% do alumnado adquire competencias técnicas básicas.				Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A01.1: Axudar ao alumnado a afrontar con calma os pequenos problemas técnicos que xorden ao traballar con dispositivos electrónicos.	Claustro de profesores	14 outubro 2022	Dispositivos electrónicos. Profesorado da aula.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.2: Traballar de maneira transversal en tódalas materias a competencia dixital.	Claustro de profesores	20 Xuño 2023	Dispositivos electrónicos Profesorado da aula.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.3: Ensinar ao alumnado cómo solventar pequenas incidencias acaecidas no uso cotiá dos dispositivos.	Profesores STEM	20 Xuño 2023	Dispositivos electrónicos Profesorado da aula.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.4: <i>Role playing</i> simulando unha situación de incidencia técnica nalgún dispositivo da aula.	Profesores STEM	20 Xuño 2023	Dispositivos electrónicos Profesorado da aula.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Axuda para completar as táboas:

(1)

- a.
- b.
- c.
- d.
- e.

(2)

(3)

(4)

(5)

(6)

(7)

(8)

(9)

(10)

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- **Infraestrutura dixital:**
 - *Novos equipos de rede para mellorar a concurrencia na conectividade dos dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, tablets e portátiles), evitando os cortes e caídas que se producen actualmente cando hai moitos dispositivos.*
- **Equipamento:**
 - *Equipos ultraportátiles para aula móbil.*
 - *Equipos de uso exclusivo da sala de profesores.*

4. Avaliación do plan

Para o seguemento e avaliación do plan están previstas diferentes actuacións según a liña de actuación a considerar. En calquera caso aplicarase o Ciclo de Deming para a planificación, despliegue, avaliación e mellora continua dos procesos asociados.

Para poder avaliar o plan, será necesario medir o grado de consecución dos obxectivos marcados. Tamén será necesario comprobar a efectividade das actuacións levadas a cabo. Os obxectivos que marquemos serán específicos, concretos, medibles, alcanzables, realistas e definidos no tempo.

Para levar a cabo a avaliación, teremos en conta os seguintes instrumentos e ferramentas:

- *Os indicadores de avaliación asociados a cada un dos obxectivos e accións.*
- *A ferramenta de avaliación SELFIE a través da cal poderemos facer unha análise da competencia dixital do Centro. Recoméndase realizar anualmente a final de curso.*
- *A avaliación da Competencia Dixital Docente a través do Portfolio da Competencia Dixital Docente do INTEF.*
- *A avaliación da Competencia Dixital do alumnado a través de SELFIE, preferiblemente a final do curso.*

O plan evaluarase en función dos resultados obtidos no marco dos obxectivos e prazos previstos. O informe de progreso formará parte da Memoria anual do Centro.

A estratexia de avaliación en liñas xerais será a seguinte:

1ª avaliación	- <i>Primeira consulta SELFIE.</i>
2ª avaliación	- <i>Segunda consulta SELFIE.</i> - <i>Avaliación da proposta curricular.</i> - <i>Autoavaliación da competencia dixital do profesorado.</i>
3ª avaliación	- <i>Terceira consulta SELFIE.</i> - <i>Avaliación da programación didáctica.</i> - <i>Avaliación da competencia dixital do alumnado.</i> - <i>Avaliación dos equipos didácticos.</i> - <i>Avaliación do plan de mellora.</i> - <i>Enquisas de satisfacción.</i>

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado no Claustro final do 28 de Xuño de 2022, publicarase o Plan TIC nos seguintes lugares:

- *Web do centro.*
- *Plataforma dixital NEO20.*
- *Drive do centro na carpeta "Plan Dixital".*